

CAMPIONATO ZONAL DE CAMPO A TRAVÉS 2017/18

O Servizo Provincial de Deportes de A Coruña da Xunta de Galicia, a Agrupación Deportiva Escolar Escolarix, a Federación Gallega de Atletismo e o Concello de A Baña, organizan o Campionato Zonal da modalidade CAMPO A TRAVÉS do programa XOGADE.

NORMATIVA:

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os colexios, ANPAS e asociacións da zona, que cumpran os requisitos de mutualización no programa XOGADE e que fagan a súa inscrición nesta proba.

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro (benxamín, alevín e infantil), ou os tres mellor clasificados/as (na categoría cadete).

Non se poderán completar os equipos con atletas de categorías inferiores.

Calquera aspecto non recollido nestas normas rexerese pola normativa xeral Xogade e o Regulamento federativo.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.

ALEVÍN: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

INFANTIL: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

CADETE: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes neste Campionato zonal de Campo a Través Escolar rematará o martes 16 de xaneiro de 2018, e farase utilizando as follas de inscrición adxuntas (modelo excel).

Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Unha vez feita a inscrición non se admitirán cambios entre atletas de dous equipos da mesma entidade.

DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización ate 30 minutos antes do comezo da proba. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados.

Sería conveniente que os dorsais se asegurasen con imperdibles. A organización non facilitará os mesmos.

LUGAR E DATA

Circuito polideportivo municipal de A Baña. Venres 19 de xaneiro do 2018.

HORARIO

Entrega de dorsais: a partir das 10 h.

HORARIOS, CIRCUÍTOS E DISTANCIAS DAS PROBAS FIGURAN NOS ARQUIVOS ADXUNTOS

PREMIOS

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría.

CLASIFICACIÓN

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual.** Segundo a orde de entrada na meta.
- **Por equipos.** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.